

Mércores, 23 de marzo de 2005

Fonte: http://vello.vieiros.com/chat/chat.php?txt=chat_rivera

[Data descarga: 9-4-2013]

CHAT

Conversa con Mabel Rivera

Vieiros: Ola, Mabel. O domingo danse os premios María Casares. Como ves o teatro galego? Coma o ano pasado? Vai para adiante ou para atrás?

MabelRivera: Ola, creo que o teatro en Galicia preséntase un pouco coma sempre, forma parte de crise do país. Hai que seguirlle dando, de tódolos xeitos. Eu, a verdade, véxoo precario.

Vieiros: por que precario?

MabelRivera: Pola falta de cousas; algunhas son carencias que se repiten no tempo (formación, medios). Outras creo que son produto de momentos concretos (refírome a unha especie de esgotamento nas formas; faltan ideas innovadoras, historias reais que motiven ao público)

melmac: Creo que fostes claros na presentación dos María Casares, o teatro galego non necesita máis cartos públicos, senón con eses mesmos cartos novas estratexias, podes explicar un pouco isto?

berto: boas tardes

MabelRivera: Hai cuestións que se esgotan en si mesmas; os propios discursos e sobre todo as canles polas que facelos chegar (facévolos chegar). Non hai independencia de distribución sobre todo. Creo, sen embargo, que hai ideas e talentos, pero un pouco illados. Outra.

ailalelo: De onde sairía esta gran actriz?", preguntábase o crítico dun xornal madrileño despois de ver a interpretación de Mabel Rivera en Mar Adentro. Cóntanos a túa versión, de onde saiu coma actriz mabel rivera?

MabelRivera: Pois de aquí. A estas cousas me refiro cando digo que "hai" posibilidades, pero faltanos unha estrutura potente que nos cohesione, que nos permita expresar ideas e que fomente a nosa creatividade. Falta, coma sempre, unha industria teatral, por pequena que sexa. outra.

Liam: Pensas que o teatro afeccionado é un bó comezo para achegarse as compañías profesionais? Como pode facerse camiño no teatro alguén que empeza?...

MabelRivera: O teatro afeccionado foi a nosa procedencia, de aí vimos case tódolos actores que hoxe somos profesionais. A falta dunha escola (que segue faltando) o mundo afeccionado é unha canteira fantástica. Tamén está sen explotar, por certo. Outra

zp: Como se crea iso da cultura teatral nun país, por exemplo: Galiza?

MabelRivera: Congreso: ... non, é broma, é tema para un Congreso (cousa que está pendente). No caso do teatro en Galicia, abondara con recoller as propostas que dende a profesión se veñen facendo repetidamente dende hai VINTE ANOS!!!. OUTRA.

Laia: e as liortas por crear a escola de teatro nunha cidade ou noutra, está unida a profesión?

MabelRivera: A profesión? si; non se nos está consultando sobre nada, nin sequera sobre a ubicación que penso que o aspecto máis IRRELEVANTE do choio este. Isto non fai máis que reflectir os intereses dos políticos. Outra.

Liam: Que pensas que é o que imposibilita a creación dunha escola de teatro en Galicia? Cres que os cursos de teatro da USC ou a Casa Hamlet son unhas boas iniciativas para quen se quere achegar á formación teatral?

MabelRivera: Segue habendo falta de interese (se cadra tampouco hai cartos, non o sei) por parte das instancias ás que lles correspondera (Xunta, municipios, etc.). As escolas privadas están moi ben, pero son insuficientes e sobre todo non son estudos homologables. Outra.

Moderador: leonado

leonado: Un actor, unha actriz é bo independentemente do formato... ou hai actores de tele, de cinema e profesionais do teatro? ¿Onde estás ti máis cómoda?

MabelRivera: Gústanme os tres medios; creo que é moi bo podelos desenvolver de forma complementaria. E non creo nas divisorias entre actores/trices de distintos tipos: somos intérpretes que nos adaptamos a medios distintos sen maior problema. Outra.

miro: Con todas as súas limitacións, sobre a serie Pratos Combinados eu sempre pensei que non se valoraba o produto no que realmente o merecía. Ti que avaliación lle fas logo de todos estes anos?

MabelRivera: Creo que nos tocou abrir un campo de traballo importante, e que axudamos a consolidar e a familiarizar o público cunha actividade moi concreta; a partir de aí, hai que abrir ese campo, avanzar e non insistir machaconamente na mesma historia (non vos parece que ao final TODAS as serie son case o mesmo?). Outra

Liam: Falando de cine...que opinas da produción cinematográfica galega? Cres que os premios de Mar Adentro poden impulsar algo a produción galega? Cres que as institucións apoiarán máis ao cine galego?

MabelRivera: Creo, honradamente, que o recoñecemento a uns actores non pode mobilizar unha industria: Oxalá tiveramos ese poder, pero nós só non facemos o cine, nin o teatro. Non creo que as cousas se poidan improvisar: aquí o que fai falta é impulsar unha industria, con todo o que iso significa. Outra.

mercores: Galiza suma o 10% da produción audiovisual do Estado, Pérez Varela dixo que soñaba con acadar o 20%, desculpe a desconfianza é unha realidade ou outros dos espellismos aos que nos ten acostumados o Partido Popular

MabelRivera: Apúntome ó do espellismo. Insisto no de antes, non se constrúen as cousas con falsos triunfalismos. Non hai máis que ir ó cine, e mirar cantas películas galegas (?) se proxectan, ou ver se o público se recoñece nesas historias, ou mirar cantos traballadores galegos mobilizan, ou canto CAPITAL GALEGO se inviste nesas producións, ... Outra.

boel: Vostede participa no proxecto Hai que botalos, que nos pode comentar desa iniciativa?

MabelRivera: Parceme tan necesaria como calquera outro tipo de mobilización que agrupe as ideas de xente que non ten outros mecanismos para expresar as cousas que "vemos" e que non temos posibilidade de contar. O feito de facelo dunha maneira artística, creativa e lúdica paréceme moi estimulante e penso que ten una gran forza comunicativa. Outra.

barsuizo: Parece que no cine español periodicamente saltan a primeiro plano un conxunto de actores e actrices que pasan a repetirse nas pelis ata aburrir, ten un problema para a renovación de caras a industria estatal, non hai directores de cásting abondo ou que é o que pasa?

MabelRivera: Creo que nos últimos anos hai bastante xente nova (non en idade) que está accedendo a o cine, vía traballos en TV, ou a partir de producións feitas nas distintas autonomías. Teño a sensación de que se está a producir unha renovación interesante. Outra

Moderador: Laia

Laia: non é triste vender agora a etiqueta de cine galego feito por outros?

MabelRivera: Sobre o de considerar Mar Adentro como cine galego, eu creo que son cousas que non contribúen en absoluto a un avance do noso traballo. Hai que ter claro en todo momento os medios de que dispoñemos, e intentar xogar o mellor posible cos nosos recursos para melloralos; apuntarse éxitos alleos non conduce a nada (chámase propaganda). Outra.

Moderador: ZarovichZarovich: Hai algunha forma de chegar a participar nalgún capítulo de pratos combinados?

MabelRivera: Creo que hai que enviar un currículo ós responsables da Producción ... Perdón pola coña. Outra.

Moderador: Non hai palabras pedidas...**Moderador:** quen se anima?

gaioso: A falta de consideración ou ás veces mesmo ata desprezo co que dende o sector teatral se fala en ocasións da televisión ou do cinema, non é botar pedras contra a propia profesión?

MabelRivera: Estou de acordo en que se desvaloriza o traballo na tv por parte do sector teatral; tal como están as cousas, non me extraña nada: a TV no seu conxunto está chegando a uns niveis de degradación alucinantes, e ó final parece que todo se confunde. Eu, sen embargo, diferenciaría o que é un TRABALLO nese medio o o resto da basura que poida haber nese medio. E como traballo, insisto, paréceme tan digno e tan necesario coma o cine ou o teatro

Moderador: Morgana, Chanquin, e Liam, por esta orde

morgana: dáme a impresión que os das produtoras galegas andan máis pendentes das subvencións que de facer boas historias estou trabucado?

gaioso: pero na mesma liña, non pensas que se aproveita pouco o propio potencial publicitario que ofrece o escaparate de tv e cine para turrar do teatro?

MabelRivera: Non sei se andan pendentes só da subvención, pero si, que lles interesa bastante. Creo que hai unha gran falta de pluralidade á hora de elaborar produtos para a televisión, e hai propostas interesantes que non van arriba porque non son aceptadas, e iso tamén é certo que xa non depende das produtoras. Outra.

chanquin: Dúas preguntas que son unha: Que relación tiveches, antes, durante e despois, con Manuela, a cuñada de Sampedro? que aprendeches do personaxe e da muller real?

MabelRivera: Si que tivemos contacto coa familia para abordar o traballo; eu sigo mantendo esa relación con Manuela, porque me parece moi interesante contrastar con ela cousas que de algunha maneira eu transmitín case no seu nome, e que eran descoñecidas para min. É unha muller que eu (moitas de nós) non podería ser, representa un mundo no que as mulleres non se preguntan por qué demos teñen que facer determinadas cousas: fanas, e punto. Non decide

Liam: que pensas dos que opinan que en Mar Adentro non se fai un uso axeitado do noso idioma, que está empregado un pouco de xeito arbitrario ou anecdótico?

MabelRivera: Había intención por parte de Alejandro de que a lingua tivese maior presenza; non foi posible por motivos case evidentes: iso levaríao a subtitular unha porcentaxe elevadísima da cinta. Tivo que cortar polo san, e creo que a escolla non foi desacertada. Non hai que esquecer que non é unha película galega, e a industria é a que manda. Outra.

silvino: Algunha vez terás pensado nun personaxe, nunha historia, teatro ou cinema, no que che gustaría participar? Por exemplo?

morgana: eu penso que é a primeira película, a primeira, insisto, en que hai un esforzo por comprender e non por parodiar as personaxes galegas, sinto interromper

Moderador: a ver, ademais do comentario de morgana, silvino fixo unha pregunta e están pendentes, por esta orde mércores e xes

MabelRivera: O que máis quereda facer agora mesmo en Galicia é teatro. Encantaríame poder traballar nalgún texto de autores clásicos, Shakespeare, Chéjov, Valle... Teño sempre a sensación de empezar, polo tanto non teño limitacións, quédame absolutamente todo por facer, sobre todo, insisto, no teatro. Outra.

mercores: Non cres que cando menos a TVG contribuiu a popularizar os rostros dos actores e atrices galegas, algo que desde o circuito teatral resultaba practicamente imposible?

Xes: Pregunta moi sinxela e directa a Mabel. Hai na Xunta de Fraga listas negras de artistas e especialmente de actores?

MabelRivera: Si! é unha vía de acceso ó público tan poderosa coma perigosa. Está ben que os

público non recoñeza como actores, que funcionemos como reclamo para que acudan ó teatro. Mágoa que o que van ver é os personaxes da tele, non se deixan apartar deses estereotipos facilmente. Ese é o gran perigo da televisión. Outra.

vexor: crees que existe censura no cinema galego?

MabelRivera: Francamente, eu non me sentin represaliada en ningún momento dende que estou exercendo esta profesión. Teño entendido que non é as, por parte de compañeiros; tamén é certo que non son cousas fáciles de demostrar, pero non me extrañaría nada que así fose. Outra.

Moderador: Son case as 8... e imos ir rematando**Moderador:** mabel vai responder a pregunta de vexor**Moderador:** e despois a pendente de Liam

MabelRivera: Creo que existe un gran medo, polo menos, por parte da TVG á hora de exhibir determinados produtos que ela mesma, curiosamente produce (con temas como a eutanasia, o narcotráfico, etc.). Isto tamén é censura de algún xeito. Outra.

Liam: Respecto a traballar en textos de autores clásicos...Eres partidaria da interpretación clásica dos textos ou das adaptacións? Que pensas de montaxes como por exemplo "Antígona" no que a estética é tan drásticamente oposta ao imaxinario do público que se adaptou a unha

vexor: veña saudos a todos e en especial a mabel

MabelRivera: Son partidaria de que fagan clásicos os directores que os entendan, sen pallas mentais e sen grandilocuencias: para que a xente os entenda. En canto ás formas, dame un pouco o mesmo, creo que o que hai que innovar máis son as maneiras de facer comprensibles eses textos para os espectadores actuais. Outra.

Moderador: Xes, tes a última palabra**Moderador:** ;)

Xes: Vale aí vai.**Xes:** A miña pregunta non sei se xa saíu...**Xes:** e moi directa...**Xes:** Cres Mabel, que na actual Xunta hai...

Moderador: aha, si... xa cha respondeu...**Moderador:** cando caíches do chat...

Xes: Perdón, si caín.

Moderador: en breve poderás ver a resposta, na transcrición que publicaremos

Xes: Grazas.

Moderador: de acordo?**Moderador:** ben, e cando pasa un minutíño das oito**Moderador:** pechamos esta conversa moderada... dándolles as grazas**Moderador:** a todos e a todas**Moderador:** e especialmente a Mabel Rivera**Moderador:** que se desprazou ata os locais de Vieiros para manter esta conversa cos lectores e lectoras de Vieiros

Vieiros: moitísimas grazas, mabel, foi un pracer conversar contigo

MabelRivera: Iguamente. Outra.

Moderador: :)))

Vieiros: :))))

Liam: Gracias Mabel e noraboa novamente

Moderador: Pois iso, mañá poderedes ler a transcrición completa da conversa

Xes: Grazas Anxo. Granzas Mabel. Unha aperta a tod@s